

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 21 DE NOVEMBRO DE 2014

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/1317/2014.- CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO.- Conceder a licenza para executar as obras de renovación de carpinterías e limpeza da fachada sur do Pazo de Raxoi .

LIC/1141/2014.- DIRECCIÓN XERAL DE TRÁFICO.- Conceder a licenza para executar as obras de reparación de cuberta de garaxe e substitución e fiestras en oficinas dentro do conxunto edificatorio situado na rúa Doiro nº 25.

LIC/1710/2012.- ANA PORTELA SILVESTRE.- Conceder a licenza de obras para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar illada no Rueiro de Figueiriñas nº 31.

INCOAR PROCEDIMENTO DE REVISIÓN DE OFICIO.-

LIC/2929/2004.- LORYGAR, S. L.- Incoar procedemento de revisión de oficio en execución de sentenza ditada polo xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Santiago de Compostela, de 14/02/2014, das licenzas de obra e actividade concedidas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 10/03/2008 á entidade LORYGAR, S. L. (exptes. LIC/2929/2004 e LAP/346/2004) para actividade hoteleira de catro estrelas con SPA e WELLNES na antiga fábrica de papel sita no SUNP-29 de Vidán.

2.- Proposta da alcaldía relativa á designación de dous membros do Grupo Municipal do PP no Consello de Relacións Veciñais.

Acordouse nomear para a representación do Grupo Municipal do Partido Popular no Consello de Relacións Veciñais aos concelleiros Luís Meijide Rodríguez e Teresa Gutiérrez López, encargados do Servizo de Obras e Proxectos e da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, respectivamente.

3.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación e proxecto pista deportiva no parque de As Cancelas.

Aprobouse o texto do Proxecto de Pista Polideportiva no parque das Cancelas, a realizar nunha parcela, lindeira coa rúa Vicente Risco, que foi clasificada no SUNP-4 do Camiño Francés como reserva de equipamento. O proxecto, que vén a completar o acondicionamento do parque de recente creación, contempla a construción dunha pista multideporte para fútbol sala, baloncesto e balonmán. Na actuación tamén se prevé o peche perimetral e o equipamento necesario para a práctica destes deportes. Por último, inclúese a construción dun *skate park* en dous niveis para a práctica de especialidades e xogos sobre rodas.

O orzamento destinado a esta actuación é de 189.404 euros, e o prazo de execución previsto no proxecto é de 4 meses.

4.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa ao expediente de licenza das obras de intervención na cuberta da Igrexa de San Paio de Sabugueira. (REH/85/2014).

Para actuar na mellora da Igrexa de San Paio de Sabugueira, na parroquia de Lavacolla, e no contorno do Camiño Francés, concedéuselle licenza ao Consorcio de Santiago para retellar completamente a cuberta, limpeza de planchas de fibrocemento, eliminación de plantas e material acumulado na torre e, en xeral, melloras na impermeabilización entre a cuberta e a torre e os remates.

As obras, que contan coa previa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio e da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, contan segundo o proxecto cun orzamento de 18.554 euros e un prazo de execución de 2 meses.

5.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa ao proxecto complementario de obra de renovación de carpinterías e limpeza da fachada sur do Pazo de Raxoi-Consorcio de Santiago. (LIC/1317/2014).

Acordouse a aprobación do proxecto complementario presentado polo Consorcio de Santiago, con cargo aos seus orzamentos, para as obras a desenvolver na fachada sur do Pazo de Raxoi, que afectan a renovación da carpintería e limpeza de fachada, por un importe de 21.612 euros.

6.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude na que se interesa pronunciamento sobre a afectación de remanente de herencia testamentaria de panteón-capilla, nº 95-Cemiteiro Municipal de Boisaca.

A Xunta de Goberno rexeitou a doazón mediante disposición testamentaria dun panteón na rúa central do Cemiteiro Municipal de Boisaca, á vista dos informes legais que sinalan a improcedencia dunha aceptación contraria ao réxime de concesión que teñen estes bens, vinculados ao réxime de dominio público.

7.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa ás obras de reparación de cuberta de garaxe e substitución de ventanas en oficinas, dentro do conxunto edificatorio situado en Rúa do Doiro, nº 25 (LIC/1141/2014).

8.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a solicitude de licenza de rehabilitación de vivenda unifamiliar no Rueiro de Figueiriñas, nº 31. (LIC/1710/2012).

Autorizáronse 2 licenzas para outras tantas obras: unha solicitada pola D.X. de Tráfico para reparación de cuberta de garaxe e substitución de fiestras en oficinas na rúa do Doiro; e outra dun particular para rehabilitación de vivenda unifamiliar na rúa Figueiriñas.

9.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á incoacción procedemento revisión de oficio en execución de sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso-administrativo, nº 1 de Santiago de Compostela, de data 14.2.2014. (LIC/2929/2004 e LAP/346/2004).

A Xunta de Goberno aprobou iniciar o procedemento de revisión de oficio en execución de sentenza das licenzas concedidas desde o ano 2005 para a obra e actividade hoteleira na antiga fábrica de papel na parroquia de Vidán.

10.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á recepción das obras de urbanización das Fases 2 e 3 da OE-5.Galeras-Universidade.

Autorizouse a recepción das obras levadas a cabo no ámbito da rúa Galeras (polígono OE-5 Galeras-Universidade) condicionada a que se resolvan varias deficiencias referidas ás tapas do rexistro, substitución de determinadas pezas nos sumidoiros e recollida de augas pluviais, a conformidade das empresas de subministro de gas e electricidade e o inicio dun procedemento separado para determinar a repercusión ou no polígono do custo da conexión da rede de pluviais ao río.

11.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a obras de alumeado público con cargo ao contrato de mantemento.

Aprobouse o orzamento para a ampliación da iluminación pública no lugar de Corexo, na parroquia de Marrozos, cun montante de 2.750 euros, destinados á colocación de 4 luminarias cos seus correspondentes postes de formigón de 8 metros, brazo de aceiro galvanizado e restantes complementos para o seu correcto funcionamento.

12.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación de expediente de contratación das obras do DTC 93: Reforzo de firme na vía pública de Avieira (Cesar).

13.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación de expediente de contratación das obras do DTC 93: Repavimentación Avda.Vilagarcía, entre Rosalía de Castro e Romero Donallo.

14.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación de expediente de contratación das obras do DTC 93: Reurbanización Camiño da Raxeira.

Acordouse a apertura do expediente de adxudicación para 3 obras incluída no Plan DTC 93 "Unha Deputación para todos os Concellos" da Deputación da Coruña.

1.- A primeira obra refírese ao reforzo do firme na Vía pública de Avieira, na parroquia de César. A actuación aféctalle a un treito de 1.536 metros, cun ancho de 4,5 metros, no que ademais do tratamento bituminoso, se abrirán e limparán as gabias. O orzamento previsto é de 54.845 euros e o prazo de execución de 3 meses.

2.- A segunda obra correspóndese coa repavimentación da Avda. de Vilagarcía, entre a rúa Rosalía de Castro e Romero Donallo.

As obras van dirixidas a mellorar as beirarrúas, calzada, bandas de aparcamento e arborado existentes, tratando de ; e renovar a rede de abastecemento de auga e de saneamento, a iluminación pública e a adaptación das redes de telecomunicacións ás normativas vixentes. O orzamento total do proxecto é de 496.733 euros e o prazo previsto no proxecto para as obras é de 8 meses.

3.- A terceira obra é a reurbanización do chamado Camiño da Raxeira, nas Fontiñas, no ámbito das rúas Dublín, Raxeira, Outeiro de Sar e Londres.

A actuación que se propón, que conta cun orzamento de 199.524 euros e un prazo de execución de 60 días hábiles desde a sinatura do replanteo, contempla a urbanización do tránsito peonil transversa entre as rúas da Raxeira, Londres e Dublín.

15.- Proposta da concelleira delegada da Área de Cultura e Patrimonio relativa ao nomeamento de responsable contrato de servizos.

Nomeouse para a supervisión do contrato de “servizo de dinamización socioeducativa e sociocultural da rede municipal de centros socioculturais” do concello, ao director dos centros socioculturais Enrique Vázquez Naveira.

16.- Proposta da concelleira delegada da Área de Cultura e Patrimonio relativa á adxudicación do contrato de mantementos dos ascensores nos centros socioculturais.

17.- Proposta da concelleira delegada da Área de Cultura e Patrimonio relativa á adxudicación do sistema de mantemento do sistema de climatización do centro sociocultural de Santa Marta.

Acordouse a adxudicación de 2 contratos de mantemento:

-un para o mantemento dos ascensores dos centros socioculturais á empresa Schindler, S.A. , por un importe total para 4 anos de 12.413 euros, a razón de 48,40 €/mes por ascensor;

-un segundo a Climagal, S.L. para climatización do centro sociocultural de Santa Marta, por un importe total de 10.001 euros para un período de 4 anos.

18.- Proposta da concelleira delegada da Área de Cultura e Patrimonio relativa á adxudicación do servizo de mantemento e reparación dos pavimentos no ámbito da Cidade Histórica de Santiago, excluído o Recinto Intramuros.

Para garantir a atención e os coidados precisos das beirarrúas no ámbito da Cidade Histórica, excluído o recinto intramuros, acordouse adxudicar o servizo de mantemento e reparación de pavimentos á empresa Construcciones La Rosaleda, S.L. que ofreceu a oferta máis vanataxosa cunha baixa do 22% sobre o cadro de prezos unitarios aprobado e ata un gasto máximo de 60.500 euros.

19.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativa á solicitude de autorización para a realización de melloras en vivenda municipal.

Autorizouse a levar a cabo melloras na vivenda municipal de uso gratuito cedida polo Concello a Cáritas Interparroquial na rúa Roma, para o desenvolvemento do seu programa “Abeiro”. As melloras, condicionadas á concesión dunha subvención de entidade privada, teñen que ver coa dotación de mobiliario de cociña e electrodomésticos.

20.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativa á solicitude de subvención á Deputación Provincial de A Coruña para o desenvolvemento do programa "Envellecemento Saudable".

21.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativa á solicitude de subvención á Deputación Provincial de A Coruña para o desenvolvemento do Programa Socioeducativo para a Inclusión Social 2015.

Acordouse solicitar 2 subvencións a programas promovidos pola Deputación da Coruña:

-Unha, para o desenvolvemento do programa “Envellecemento saudable”, por importe de 3.000 € .

-Outra, para o “Programa Socioeducativo para a Inclusión Social 2015”, por unha contía de 45.000 €.

22.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativa ao programa municipal de conciliación para Nadal 2014.

Para contribuír a facilitar os labores de conciliación laboral e familiar durante as vacacións do Nadal, aprobouse a posta en marcha do programa municipal con este fin, destinado a solicitantes empadroados no concello de Santiago ou matriculados nun centro educativo do municipio.

23 a 96.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativo a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre bens inmobles, na taxa pola

subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

A Xunta de Goberno, conforme ao disposto nas ordenanzas reguladoras, resolveu tamén 74 solicitudes presentadas para a obtención de beneficios fiscais na súa maior parte referidos ao imposto de vehículos de tracción mecánica (39) e ao imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (31), entre outras.

97.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa á concertación dunha operación de crédito a longo prazo para a substitución do préstamo co Fondo de Financiamento para o pago a provedores.

Autorizouse a concertación dunha operación para substituír a débeda pendente co Fondo para o Financiamento do Pagamento a Provedores (que ascende a 11.923.224 euros) a través dun contrato a longo prazo cunha entidade de crédito, cun tipo de xuro variable referenciado a euribor trimestral e sen comisións. O prazo sería ata o 25 de maio de 2022, sen carencia.

98.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos.

Aprobouse un recoñecemento de créditos para facer fronte a 16 facturas de diferentes acredores, por un importe global de 52.189 euros. Corresponden a gastos con obrigas contraídas con anterioridade, con facturas conformadas e con existencia de crédito suficiente para afrontar o pagamento.

99.- Proposta do concelleiro delegado do servizo de Obras e Proxectos relativa á participación do Concello de Santiago de Compostela no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal da Deputación Provincial de A Coruña (POS 2015).

Acordouse aprobar o Plan de Cooperación de Obras e Servizos de Competencia municipal (POS) do vindeiro ano 2015, así como o seu Plan Complementario, no que se inclúen 3 obras que o Concello ten previsto realizar.

As obras son:

- O proxecto de reparación, conservación e mantemento na rúa Escarabuña (San Caetano) e anexos, cun importe de 298.385 euros, que será financiado integramente pola Deputación.
- O proxecto de reparación, conservación e mantemento da rúa Pedreira (Laraño) e anexas, cun orzamento de 251.615 euros, con financiamento compartido no que a Deputación achega o 80%.
- O proxecto de reparación, conservación e mantemento da rúa Teresa Jornet (San Marcos) e anexas, cun importe de 221.471 euros.

Tamén se inclúe unha achega provincial dentro deste Plan por importe de 5.391 euros para colaborar en gastos correntes da administración local.

En conxunto son 776.862 euros, dos que o organismo provincial achega un 93,5% (726.862 €).

100.- Proposta do concelleiro delegado do servizo Obras e Proxectos relativa á aprobación de proxecto de execución de accesibilidade en Santiago de Compostela. (XOP/41/2014).

Aprobouse un proxecto de execución de 45 actuacións noutros tantos puntos do espazo público da cidade, para resolver diversos problemas de accesibilidade urbana. O orzamento previsto para estas actuacións é de 105.717 euros.

101.- Proposta da concelleira delegada da Área de Economía relativa á aprobación do texto do convenio entre o Concello de Santiago e o Ilustre Colexio de Avogados.

O Concello vai subscribir un convenio co Colexio de Avogados de Santiago para implantar un servizo de mediación a través desa entidades, dirixido a comerciantes e propietarios para intentar acadar acordos na renovación dos seus contratos de aluguer.

Así o acordou a Xunta de Goberno, que aprobou o texto do convenio que recolle un contía de 5.000 euros para este fin.

102.- Propostas do concelleiro delegado da Área de Réxime Interior e Administración Pública relativas a devolución de fianzas.

Autorizouse a devolución de 3 fianzas por un importe conxunto de 120.533 euros.